



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

## D E C R E T O

**ASUNTO:** BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DIRIXIDAS A NENOS E NENAS CON NECESIDADES ESPECIAIS DO CONCELLO DE FISTERRA PARA O ANO 2022

**EXPEDIENTE:** 2022/G003/000288

**Relacionado co expediente:** 2022/A002/000002

### ANTECEDENTES:

Tendo en conta que este concello considera convinte efectuar unha convocatoria para a concesión de axudas dirixidas a nenos e nenas con necesidades especiais do concello de Fisterra para o ano 2022.

Vistos os informe de secretaria - intervención accidental, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, en concordancia co artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o artigo 21.1.f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local

### RESOLVO

1º) Aprobar as bases reguladoras da convocatoria polo procedemento de concorrenza competitiva, de axudas dirixidas a nenos e nenas con necesidades especiais do concello de Fisterra, para o ano 2022, no seguinte senso:

**"BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DIRIXIDAS A NENOS E NENAS CON NECESIDADES ESPECIAIS DO CONCELLO DE FISTERRA PARA O ANO 2022.**

A Constitución Española consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

O Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no campo da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos de competencias xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario.

O municipio, de acordo co artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril , reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.

A Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro , de racionalización e sostibilidade da Administración Local considera que non se entenderá como exercicio de novas competencias, entre outras, a continuidade na prestación de servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións.



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013: continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais: continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dan as condicións previstas para o seu traspaso pola normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiación autonómica e das facendas locais previsto nela.

No campo da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente aos concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Tendo en conta o exposto anteriormente e ao amparo da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o Concello de Fisterra convoca a concesión de axudas económicas para nenos/as con necesidades especiais do Concello de Fisterra para o ano 2022, de acordo cas seguintes

## BASES

Á vista da subvención concedida pola Excelentísima Deputación da Coruña para medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, o Concello de Fisterra convoca **axudas para terapias co obxecto de atender a/os nenas/os con necesidades especiais do Concello de Fisterra.**

### 1. OBXECTO E FINALIDADE.

1.1 O obxecto destas bases é a regulación da concesión de axudas económicas a familias dos/das nenos/as con necesidades especiais, empadroados/as no Concello de Fisterra, con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda.

Estas axudas consisten nunha retribución económica para a intervención das necesidades que presenta o/a neno/a, sempre que no centro no que estean escolarizados non poidan atender de forma completa as súas necesidades.

A finalidade última das axudas é apoiar ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar os custos dos gastos derivados do tratamento dos seus fillos/as nun centro especializado.

O obxectivo xeral sería “Mellorar a calidade de vida e favorecer a inclusión e a autonomía das persoas con discapacidade”, desde as primeiras etapas da vida.



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

Na nosa contorna, existe servizo público de atención temperá ata os seis anos, a partires desta idade, os nenos e nenas quedan sen recurso cando áinda teñen necesidade; igualmente danse casos na que estes menores necesitan reforzo ao traballo realizado en Atención Temperá, apoianto e coordinándonos cos profesionais deste servizo para complementar o apoio.

1.2 O procedemento de concesión das axudas establecése de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril , Reguladora das Bases de Régime Local modificada pola Lei 27/2013, do 12 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local; no Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; así como nas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Fisterra para o exercicio 2022, e respectando o establecido na normativa en vigor en materia de protección de datos de carácter persoal.

1.3 No orzamento municipal vixente para o exercicio 2022, existe consignación orzamentaria para a concesión de axudas económicas polo seguinte importe e con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- Partida Orzamentaria: 326/480.00  
(Servizos Complementarios de Educación / A familias e Institucións sen fins de lucro)

- Importe: 10.000,00 €

## 2. TIPOLOGÍA DE AXUDAS.

Financiaranse con cargo ao presente programa de Terapia do Concello de Fisterra, unha sesión semanal (4 sesións mensuais) desde a presentación e aceptación da solicitude ata 31 de decembro de 2022 no centro terapéutico ao que están acudindo ou teñen previsto acudir.

O rango de idade comprenderá entre os 6 e os 18 anos, salvo necesidade de reforzo en menores de seis anos.

## 3. SOLICITUDES:

1.- Poderán ser beneficiarios/as desta axuda o pai/nai, tutor/a ou acolledor/a legal daqueles/as nenos/as para o que se solicita axuda, e que reúnan os seguintes requisitos:

- 1) Estar empadroado/a no Concello de Fisterra con anterioridade á presentación da solicitude desta axuda.
- 2) Pertencer a unha unidade familiar cunha renda per cápita anual igual ou inferior a 10.000 €.
- 3) Presentar a solicitude da axuda en modelo normalizado ao efecto, e achegar toda a documentación requirida.
- 4) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención e/ou axuda de inclusión social concedida polo Concello de Fisterra no exercicio 2022.



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

Non poderán acollerse a esta convocatoria as persoas que perciban axuda do departamento de Servizos Sociais do Concello de Fisterra ou doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo concepto ou finalidade agás aquelas que por necesidade e cun informe expedido e asinada polo centro que vai facer a intervención no que figure as características do neno/a, e a necesidade de recibir máis apoio.

#### 4. RENDA PER CÁPITA ANUAL FAMILIAR:

Enténdese por «renda per cápita anual familiar» o resultado de dividir a renda anual da unidade familiar polo número de membros que a integran.

Para os efectos desta convocatoria, a renda anual familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza. Os membros da unidade familiar que presenten declaración do imposto sobre a renda do 2021, para os efectos do cálculo da renda familiar, sumarán os recadros da base imponible xeral e da base imponible do aforro da citada declaración.

Nos supostos de non efectuar declaración da renda no exercicio 2021, por non estar obrigado a elo, teranse en conta a suma dos rendementos do traballo, rendementos do capital mobiliario, ganancias patrimoniais sometidas a retención menos os gastos deducibles do traballo.

Para os efectos previstos nestas bases, considérase que conforman a unidade familiar:

- Os cónxuxes, parellas de feito, ou os titores legais
- Menores de idade que convivan no mesmo domicilio.
- As fillas e os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles que reúnan os requisitos do punto anterior. Esta situación deberá acreditararse documentalmente mediante o correspondente xustificante de empadroamento.

No caso de separación legal, divorcio ou cando non existise vínculo matrimonial, a unidade familiar estará formada polo pai ou nai e tódolos fillos e fillas que convivan con un ou outro e, si é o caso, pola persoa que sexa parella de feito de calquera dos proxenitores que teña as fillas e fillos a cargo; non se considerará membro computable aquel deles que non conviva co beneficiario da axuda.

A separación ou divorcio acreditarase mediante sentenza xudicial que o determine ou convenio regulador onde conste a custodia do menor e onde conste o importe da pensión recibida polo que corresponda en relación a gastos de manutención e/ou outros. No seu caso, terase en conta tamén o importe percibido en concepto de pensión de alimentos do pai/nai que non conviva co alumno/a.

No caso de separación ou divorcio dos proxenitores con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos proxenitores incluiranse dentro do cómputo da renda



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

familiar.

No caso de nulidade, separación ou divorcio, o perceptor da axuda será o proxenitor que teña atribuída a custodia do menor de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial.

A separación de feito acreditarase mediante certificado de convivencia ou auto de medidas provisionais.

En aplicación do estipulado no artigo 13 da Lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, enténdese por familia monoparental o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.

- No caso de desemplego:

\* Demandante de emprego con prestación: certificado de prestacións do SEPE no que se indiquen as prestacións que se perciben actualmente e os períodos correspondentes e/ou segundo proceda, certificado de haberes dos meses nos que se traballara.

\* Demandante de emprego sen prestación: certificado do SEPE e certificado de vida laboral.

\* No caso de ERTE: documentación que acredeite a situación e na que se reflicten os ingresos percibidos nese período e resto de ingresos percibidos fóra dese período no ano 2021 ata a data de presentación da solicitude.

\* No caso de viuez, xustificante da pensión de viuez e/ou certificado de vida laboral positivo ou negativo, achegando fotocopia das nóminas da empresa liquidadas no exercicio 2021 que aparezan na vida laboral ou certificado de empresa oficial.

## 5. NORMAS DE OUTORGAMIENTO.

As axudas outorgaranse baixo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación.

## 6. PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

- As presentes bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial de la Provincia de A Coruña e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado ao BOP do seu extracto.

- As solicitudes de subvencións, xunto coa documentación, presentaranse en calquera dos Rexistros de Entrada de Documentos do Concello de Fisterra (Rexistro Xeral, Rexistro Telemático ou SIR) ou por calquera dos medios establecidos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentadas fora do prazo establecido no parágrafo seguinte, non serán admitidas.



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

## 7. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

As solicitudes (ANEXO I) e demais documentación presentaranse de maneira obligatoria nos modelos normalizados establecidos a tal efecto. Ditos modelos facilitaranse na Concellería de Servizos Sociais, no Rexistro Xeneral do Concello de Fisterra e na páxina web [www.concellofisterra.com](http://www.concellofisterra.com).

Non se admitirán aquelas solicitudes que non sexan presentadas nos modelos normalizados, sen prexuízo da correspondente notificación aos solicitantes para a perceptiva subsanación de erros ou defectos.

Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación: (unicamente no caso de que non obre en poder do Concello de Fisterra ou, que a documentación non estea actualizada):

- 1) Documentación relativa á persoa solicitante e/ou aos membros da unidade familiar:
  - a) Fotocopia do NIF, NIE ou pasaporte do/a solicitante.
  - b) Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas datas de nacemento.
  - c) En caso de garda e custodia compartida deberá presentarse copia da sentenza xudicial que determine a mesma e o convenio regulador así como a autorización expresa do/da proxenitor/a custodio/a que non presenta a solicitude de bolsa.
  - d) Declaración na que se indique as subvencións solicitadas, concedidas ou recibidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.
  - e) Declaración de encontrarse ao corrente das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e o Concello de Fisterra. Esta declaración terá unha validez de seis meses. Así mesmo, o Concello de Fisterra poderá comprobar a ausencia de débedas dos/as beneficiarios/as, antes de proceder ao pagamento.
  - f) Declaración de non estar incurso/a en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvenciones y o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e que imposibilita obter a condición de beneficiario/a da subvención.
  - g) Un informe expedido e asinado polo centro que vai facer a intervención no que figure as características do neno/a, o número de horas mensuais e total do servizo e o especialista que atenderá o caso así como o custo mensual e total do servizo.

## 8. CONTÍA DA BOLSA.

A contía das axudas dependerán da necesidade de cada neno/a debidamente xustificada.



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

## 9. XUSTIFICACIÓN DO GASTO

O 31 de decembro de 2022 como data límite, o solicitante deberá aportar as facturas do servizo debidamente cumplimentadas. Deberán estar desglosadas por meses e separadas en función do tipo de reeducación que o neno/a recibiu. Si a cantidade recibida non se gasta no Centro Terapéutico que asinou a solicitude, supón que os pais terán que devolver os cartos íntegros ao Concello de Fisterra.

Igualmente se non realiza o gasto da contía total cedida, será obligatorio o seu reembolso da cantidade non gastada.

Deberá presentarse coa factura, o CIF, NIF ou NIE do centro terapéutico así como os datos do titular e datos do beneficiario/a da axuda.

## 10. RESOLUCIÓN.

O Sr. Alcalde-Presidente ou a Xunta de Goberno Local, segundo quen sexa o órgano competente, resolverá o expediente de concesión das bolsas, previo informe da intervención municipal.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de 6 meses contados desde a data do acordo de aprobación das presentes bases. A notificación levarase a cabo de acordo co establecido no artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do deber de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da Lei 39/2015, transcorrido o prazo máximo sen se ter notificado a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude.

O Concello de Fisterra notificará á Axencia Tributaria a relación de persoas beneficiarias das axudas reguladas nas presentes bases e os importes concedidos.

As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, polo que de conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa, contra elas poderán interpoñer o recurso contencioso - administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo de A Coruña, no prazo de dous (2) meses, que comenzará a contar desde o día seguinte ao do recibo da notificación, se fora expresa; se non o fora, o prazo será de seis (6) meses e, para a entidade solicitante, contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

A pesares do anterior, poderá interporse potestativamente un recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun (1) mes, que comenzará a contar a partir do día seguinte ao da súa notificación, se fora expresa; se non o fora, o prazo será de tres (3) meses, que comenzará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

## 11. CAUSAS DE DENEGACIÓN.

- Presentación da solicitude fora de prazo.



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

- Non presentación ou presentación fora de prazo da documentación requirida.
- Non estar empadroado/as.
- Superar ingresos establecidos nas bases.
- Non cumplir algún/s dos deberes estipulados na base seguinte.
- Falta de dotación orzamentaria.

## 12. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS.

1. Cumprir as actividades obxecto de subvención.
2. Someterse ás actividades de control e fiscalización realizadas por parte do Concello de Fisterra, para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación e o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.
3. Comunicar á Concellería de Servizos Sociais calquera modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.
4. Autorizar á Educadora Familiar da Concellería de Servizos Sociais, para que, leve a cabo o seguimento
5. Autorizar ao Concello de Fisterra, para que solicite do centro terapéutico, un certificado que acredite que está acudindo a ese centro.

## 13. PAGO DAS SUBVENCIÓNS.

1. A contía estipulada na base 10<sup>a</sup> será aboada ás persoas solicitantes mediante transferencia bancaria.
2. Se o importe é superior ao valor da axuda concedida, a diferencia será aboada polo/a solicitante.
3. As persoas beneficiarias deberán xustificar a necesidade específica de apoio educativo.

## 14. TRATAMIENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

En cumprimento do Regulamento da Unión Europea 2016/679, sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes na materia, informase que:

**RESPONSABLE:** O Concello de Fisterra, é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

**FINALIDADE:** A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión de bolsas complementarias ao estudio, que é o obxecto destas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

comprobación da/s bolsas.

**DESTINATARIOS:** Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas os deberes dos responsables de tratamiento de datos.

Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal o xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan o fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

**LEXITIMACIÓN:** A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan ás entidades solicitantes e no exercicio lexitimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial dos servizos sociais.

**DEREITOS:** As persoas interesadas poden exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como oponerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, ante o órgano responsable do ficheiro - Concello de Fisterra. Así mesmo, teñen dereito a presentar una reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL ÚNICA

Para os supostos non previstos nas presentes bases, serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Orzamento en vigor do Concello de Fisterra, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

#### ANEXO I

##### SOLICITUDE AXUDAS

##### TERAPIAS PARA NENOS/A CON NECESIDADES ESPECIAIS DO CONCELLO DE FISTERRA

##### **ANEXO I: Solicitud de axuda para acudir centro terapéutico. Ano 2022**

##### **1- DATOS DO/A SOLICITANTE**

Apelidos e nome:	
NIF/NIE:	Tlf 1:  Tlf 2:
Domicilio a efectos de notificacións:	



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

## 2- DATOS DOS MENORES BENEFICIARIOS/AS

Nº	Apelidos e nome	Data de nacemento

## 3- OTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIA

Nº	Apelidos e nome	Idade	Parentesco co /a solicitante

## 4- DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA

- 1- Documentación relativa á persoa solicitante e/o aos membros da unidade familiar:

	Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do/a solicitante <b>EN VIGOR</b>
	Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar cas datas de nacemento
	<b>ANEXO II:</b> Declaración na que se indique as subvencións solicitadas, concedidas ou recibidas para o mesmo fin ou actividade, procedentes de calquer administración ou ente público ou privado e declaración responsable
	Certificado ou documento que acredite o número IBAN de conta bancaria a nome do beneficiario, ou do solicitante se aquel non dispón de conta bancaria da súa titularidade.

- 2- Documentación relativa á situación económica e laboral da unidade familiar referida ao período correspondente coa declaración do IRPF do último exercicio (2021)

Copia da declaración do IRPF ou certificado de imputación de rendas

- 3- Compromiso da persoa solicitante:

Asumo o cumprimento das seguintes obrigacións:

- 1- Cumprir o obxecto da subvención.
- 2- Someterse ás actividades de control e fiscalización realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos datos consignados na documentación e no cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda.
- 3- Comunicar á Concellería de Servizos Sociais calquera modificación das circunstancias tidas en conta para a concesión da axuda.
- 4- **AUTORIZO** á Educadora Familiar da Concellería de Servizos Sociais para levar a



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

cabo o seguimento do gasto con cargo á axuda concedida.

**QUEDO INFORMADO/A** de que meus datos así como o importe da axuda concedida serán comunicados á Axencia Estatal da Administración Tributaria en cumprimento do disposto na Orde HAP/1732/2014, DE 24 DE SETEMBRO, POLA QUE SE MODIFICA A Orde EHA/3012/2008m de 20 de outubro, pola que se aproba o modelo 347 da declaración anual de operación con terceiras persoas segundo a cal as distintas Administracións Públicas deberán relacionar a todas aquellas persoas ou entidades ás que se entregaron subvencións, auxilios ou axudas calquera que sexa o seu importe.

#### INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE: O Concello de Fisterra é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da recollida no tratamento e a instrucción e resolución do procedemento para a concesión das bolsas complementarias ao estudo obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicación e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da bolsa.

Fisterra, de 2022

Firma da persoa solicitante

#### ANEXO II: Declaración de axudas e declaración responsable

Apelidos e nome:

NIF/NIE:

#### DECLARO que:

1º MARCAR CON X

<b>NON</b> solicitei bolsa, axuda ou subvención	
Solicitei bolsa, axuda ou subvención (especificar)	
Organismo ante o que solicita	Contía solicitada

Nº	Recibín bolsa, axuda ou subvención
Organismo concedente	Contía concedida

2º Que me encontro ao corrente das obrigacións tributarias, fronte á Seguridade Social e ao Concello de Fisterra.

3º Que NON estou inhabilitado/a nin incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no



CONCELLO DE  
FISTERRA  
Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
C.I.F.: P1503800C  
Telf. 981 740 001  
[info@concellofisterra.com](mailto:info@concellofisterra.com)

exp. 2022/G003/000288

artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

## INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

RESPONSABLE: O Concello de Fisterra é o responsable dos datos persoais facilitados polas persoas solicitantes.

FINALIDADE: A finalidade da recollida no tratamento e a instrución e resolución do procedemento para a concesión das axudas obxecto das bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicación e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da axuda.

Fisterra, de 2022

Firma da persoa solicitante"

2º) Aprobar o gasto de dez mil euros (10.000,00 €) á que ascende o importe da subvención.

EXERCICIO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
2022	326/480.00	10.000,00 €

3º) Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do concello e no taboleiro electrónico, coa finalidade de que os/as interesados/as en participar neste procedemento, presenten as solicitudes nun prazo de vinte días (20) naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

4º) Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que celebre.

Mandouno e asina o Sr. Alcalde en Fisterra, a martes 5 de xullo de 2022, do que eu, como secretario-accidental, certifico.

O ALCALDE,

José Marcote Suárez

ANTE MIN  
O SECRETARIO-INTERVENTOR ACCDTAL,

Juan Carlos Carril Pérez